



Concello de Arbo

INFORME TÉCNICO DAS OBRAS DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS

Denominación da obra: “MELLORA E AMPLIACION DE VIAL DE ARBO
A VILAR-AS LAXAS”

Orzamento: **54.431,35€.-**


Autor do proxecto: GERMAN FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

Data do proxecto: FEBREIRO DE 2024

Situación da obra: LAXAS – ARBO

Clasificación do solo: SOLO DE NÚCLEO RURAL

**TEODORO DE FRANCISCO ANTES, ARQUITECTO DO CONCELLO DE
ARBO .- PONTEVEDRA, INFORMO:**



O concello de Arbo a través da RESOLUCIÓN do 19 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de





Concello de Arbo

Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020, mediante tramitación anticipada de gasto, pretende a mellora e ampliación de Vial de Arbo a Vilalr-As Laxas

Dacordo a memoria asinado por Germán Fernández Fernández para a “MELLORA E AMPLIACION DE VIAL DE ARBO A VILAR-AS LAXAS”, as obras a realizar localízanse no Lugar de As Laxas pertencente ao Concello de Arbo, provincia de Pontevedra.

1) Tipo de Obra:

A obra que se pretende executar ten a clasificación de MELLORA, de conformidade co disposto no art. 232 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

2) Contido do proxecto:

Tras ser examinado o antedito proxecto, conclúese que o seu contido se axusta ó previsto no artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

3) Seguridade e Saúde:

O proxecto contén:

1. O estudo de seguridade e saúde:

O estudo básico de seguridade e saúde, nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo cal se establecen as disposicións mínimas de seguridade nas obras: “MELLORA E AMPLIACION DE VIAL DE ARBO A VILAR-AS LAXAS”

4) Estudio xeotécnico:

En canto ao estudio xeotécnico resulta que **non o precisa.**

5) Estabilidade, estanquidade e seguridade:

Analizado o proxecto se constata que na súa elaboración si se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario e mais a normativa técnica aplicable en canto a estabilidade, estanquidade e seguridade das OBRAS: “MELLORA E AMPLIACION DE VIAL DE ARBO A VILAR-AS LAXAS”





Concello de Arbo

6) Execución e autorizacións previas:

As obras precisan de autorización da DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL

Toda a pavimentación execútase sobre viais xa existentes e xa pavimentados con aglomerado asfáltico, polo que non existe.

7) Disposición de terreos:

O camiño onde se van a producir as actuacións e de titularidade municipal e que os terreos onde vaise producir a ampliacións foron cedidos polos respectivos titulares, que son tódalas cesións necesarias para poder executar dita actuación.

NOME E APELIDOS DO TITULAR	Referencia Catastral de la parcela	Data de sinatura
COMUNIDAD DE MONTES VECINALES EN MANO COMUN DE SANTA MARIA	36001A07000480000SD	Dispón de cesión por tempo indefinido por aprobación do presidente da comunidade, estando esta resolución condicionada a ratificación pola Asamblea Xeral do 10 de marzo de 2024.
GONZALEZ GIL ADELAIDA E ALONSO RODRIGUEZ AMANCIO [HEREDEROS DE]	36001A060004570001DD	24 de febreiro de 2024
DIOCESIS DE TUI VIGO	36001A070004840000SE	22 de febreiro de 2024





Concello de Arbo

8) Informe urbanístico.-

A obra **SI** resulta compatible coa normativa urbanística vixente no Concello de Arbo e coa **Lei 2/2016 do Solo de Galicia**, xa que **tratase de obras** de mantemento e mellora de infraestruturas públicas existentes.

Non se realizaron intervencións neste camiño nos últimos cinco anos.

EN CONCLUSIÓN, as OBRAS DE “MELLORA E AMPLIACION DE VIAL DE ARBO A VILAR-AS LAXAS”, son acordes coa normativa vixente e as mesmas poden comezar de xeito inmediato, xa que se trata de infraestruturas públicas existentes.

Teodoro de Francisco Antes. Arquitecto Municipal. Sinatura dixital á marxe.

